

“BANDOS” E POLÍTICA NO PONTEDEUME DA SEGUNDA REPÚBLICA

Bernardo Máiz Vázquez.

A todos os meus parentes eumeses.

Aínda hoxe é preciso anotar que non é doado investigar con éxito o período que nos ocupa: hai dificultades e ausencias, provocadas en parte pola carencia de estudos estruturais e por saqueos de certos arquivos, pero tamén porque -pasadas xa case sete décadas- a lembranza daquel tempo segue a ser incómoda para moitos, e para as xeracións máis novas a Segunda República, a Guerra Civil e mesmo o franquismo -a conta dos medos e dos intereses dos seus maiores- pouco máis son que un eco cada día máis afastado.

Polo sinalado, e como adianto dun estudio máis extenso que estou a elaborar, cínrome aquí só a Pontedeume, ofrecendo pouco máis que unha lembranza, un comentario enfiado, unha reflexión máis ideolóxica que política, a relación de sindicatos e cargos municipais daquela etapa e a nómina dalgúns veciños de Pontedeume asasinados despois da sublevación de xullo do mil novecentos trinta e seis. Dese xeito calquera eumés (nativo ou oriundo) con memoria familiar podería facer doada reconstrucción, ampliación e identificación certa.

Á hora de titular esta entrega coído axeitado usar unha expresión extraída do volume que no 1972 publicara J.A. Durán: *Historia de caciques, bandos e ideoloxías en la Galicia no urbana*, pois son moitas as semellanzas entre o Rianxo que el estudiou e o Pontedeume ao que eu me aproxim.

SOCIEDADE E PODER LOCAL

Coa proclamación da Segunda República en abril do 1931 nada naceu “ex novo” no territorio configurado por Pontedeume e o seu partido xudicial. O gran cacique do período da Restauración foran o marqués de Figueroa e/ou o deputado Wais, derrotando a *Solidaridad Gallega* de Rodrigo Sanz que no 1909 tiña aberto en Pontedeume un *Centro Solidario* presidido por Nicolás Vizoso Estrella e unha boa implantación en Fene, Ares, A Capela e Monfero. Dende as eleccións do 1919 e canda a “*dictablanda*” de Primo de Rivera, era o médico don Constantino Amado Cagiao quen marcaba e dispuña a política local por si ou por persoas interpostas, pero, máis aló do nivel estrictamente político, na sociedade eumesa había dous “bandos” -as “banderías” son outra cousa- tan enfrontados como paralelos e complementarios, “bandos” con diferentes concep-

cións ideolóxicas, ben caracterizados e constituídos dende os últimos anos do século XIX e aos que ían incorporándose as novas xeracións e os novos profesionais (médicos, rexistrador, cregos, mestres, xuíz,...) que se establecían na vila e na súa zona de influencia. Na xeira que nos ocupa as “élites locais” (expresión de Emilio Grandío no nº 1 de “*Cátedra*”) eran os García, os Goyanes, os Rosado, os Tenreiro, os Villanueva,..., e con eles os que vou decoulando máis abaixo, en conxunto unha minoría de “notables” que tiñan como cabezaleiros a persoas moi caracterizadas pola súa fortuna, relacións, influencia, titulacións académicas: avogados (p.ex. Carlos Pardo no “*bando del progreso*”), notarios (p.ex. Ramiro Prego no “*bando del orden*”), boticarios (Leonardo Díaz no “*bando del progreso*”), cregos (Antonio Sierto no “*bando del orden*”), mestres (Couceiro Freijomil, Salgado,...), rexistrador (Angel García), comerciantes (Salvadores), secretarios dos concellos do partido xudicial (Ramón Álvarez Placer en Pontedeume, Eugenio Cabana en Cabanas, Rodrigo Álvarez Pardo en Ares, varios Tenreiro noutros concellos), secretario do Pósito de Pescadores (Miguel Montero), propietarios agrícolas (p.ex. os irmáns Amado, Emilio Alba, Ramiro Barro,...), e un etcétera de persoeiros que mantiñan relacións consanguíneas, sociais, económicas, profesionais e políticas - canto menos paternalistas cando non dun forte caciquismo, ben perceptible en ambos os dous “bandos”- coa súa “*clientela*” en todos os concellos da volta, adherentes uns dos outros por interdependencia económica, afinidades ideolóxicas e favores mutuos, asemade dunha endogamia apreciable tanto nas páxinas de *Ecos del Eume* antes do 1918 como daquela e despois no cancionero, nas comparsas e no anecdotario local.

Nunha sociedade como a eumesa de hai setenta anos cadaquen tiña ben definido o seu papel e había unha fenda que separaba aos “notables” dos demais, de xeito que uns e outros mantiñan diferencias no tratamento (Don/a ou Señor/a, tu ou Usted), no idioma de uso (galego/español) e nos hábitos, cun grupo “medio” que tentaba identificarse/mimetizarse cos “notables” sobre todo na vestimenta, actividades asociativas e no seguimento de ideas sociais e políticas. E máis “abaixo” estaban os labradores, peóns, artesáns e mariñeiros, próximos maioritariamente ao “*bando del progreso*” e con forte afiliación ás Sociedades Agrarias das parroquias rurais e aos sindicatos de clase (ver CADRO I), maioritariamente na CNT os traballadores do mar e na UGT os de terra.

CADRO I - SINDICATOS	
Constitución do “Sindicato de Marineros y Pescadores de Pontedeume”. 1914. CNT. 26 afiliados. Preside Francisco Carballo	Constitución da “Cooperativa del Pósito de Pescadores”. 1925. Sen adscrición definida pero próxima á UGT.
Constitución do “Sindicato de Pontedeume” 1920. CNT. Preside Raimundo Martínez, secretario Francisco Salgado.	Constitución da “Sociedad de Oficios y Profesiones Varias”. 1931. UGT. Preside Luís Nodar Castro.
Constitución do “Sindicato Único”. CNT 1931. Preside Angel Abeledo. Tiña 425 afiliados en febreiro do 1933.	Constitución da “Sociedad de Oficios Varios”. 1933. UGT. Preside Luís Calvo. Tiña aprox. 250 afiliados en abril do 1934.

(Elaboración propia)

Cada “bando” ía agrupándose na disputa do poder local, e cada “bando” ía arredándose nas respectivas posicións ideolóxicas, cunha fenda tanto máis perceptible no eido social que no políti-

co. Quen estaba ou no “*partido del orden*” ou no “*partido del progreso*” (denominacións que recollo de *Ecos del Eume*) íase encadrando como agrarios/foristas, clericais/leigos, conservadores/liberais, monárquicos/republicanos, galeguistas/centralistas,..., diverxencias acentuadas dende a proclamación da Segunda República entre as xenericamente chamadas “**esquerdas**” agrupadas na ORGA-*Organización Republicana Gallega Autónoma/Partido Republicano Gallego/Izquierda Republicana* (p. ex. Ramón Sardiña Navarro, Angel García Toribio), no *Partido Socialista* (p. ex. Manuel López Seijo) e nos sindicatos (p. ex. Angel Acebedo ou José Viñas na CNT, Luís Nodar ou Ramón Agras na UGT), e as “**dereitas**” acubilladas no *Partido Radical* (p. ex. José Prado Rivas, Miguel Montero), na *Derecha Regional Gallega/Confederación Española de Derechas Autónomas* (a CEDA, con Constantino Amado, José Ameneiro, Jesús Calvo Patiño), en organizacións católicas integristas, e posteriormente na *Falange Española*.

“BANDOS” E POLÍTICA LOCAL

Nos dous últimos anos do reinado de Alfonso XIII (1929-1931: finais da dictadura de Primo de Rivera, gobernos de Berenguer e Aznar) desempeñaron a alcaldía de Pontedeume o mentado Constantino Amado, Laureano Roberes, José Paz, Manuel Salgado e José Prado, todos eles loxicamente do “*partido del orden*”. Cando as eleccións municipais do 1931 (non está de máis recordar que non houbo outras eleccións municipais democráticas até o ano 1979) constituíuse a primeira corporación do novo tempo político de Pontedeume o día 19 de abril, pero as notorias irregularidades dos monárquicos en varias mesas (o “*pucherazo*” máis notable foi en Nogueirosa, con cambio de urna incluído) levaron ao gobernador civil a designar a Francisco Balsa Antón como delegado gubernativo para todos os concellos do partido xudicial, e instalar no Concello de Pontedeume unha comisión xestora o día 30,

tomando posesión definitiva o alcalde e os concelleiros o 26 de xuño (ver CADRO II), con dez representantes dos partidos nidiamente republicanos (ORGA, PSOE) e cinco do “*partido del orden*”, nese momento o *Partido Radical*. Entre as medidas que foi tomando esta corporación municipal -preparadas máis nunha rebotica e nun bufete que na propia casa do concello- destacan a recualificación dos contribuíntes aos “consumos” con rebaixas ou eliminación de taxas aos veciños de poucos ingresos, a ampliación do que hoxe denominamos Servicios Sociais, a redución a oito horas da xornada laboral dos




Acto político, 1929

va o alcalde e os concelleiros o 26 de xuño (ver CADRO II), con dez representantes dos partidos nidiamente republicanos (ORGA, PSOE) e cinco do “*partido del orden*”, nese momento o *Partido Radical*. Entre as medidas que foi tomando esta corporación municipal -preparadas máis nunha rebotica e nun bufete que na propia casa do concello- destacan a recualificación dos contribuíntes aos “consumos” con rebaixas ou eliminación de taxas aos veciños de poucos ingresos, a ampliación do que hoxe denominamos Servicios Sociais, a redución a oito horas da xornada laboral dos

empregados do Concello, a compra da primeira máquina de escribir -marca *Underwood*- para as oficinas municipais, a dotación de escolas e demanda da construción dun grupo escolar, a instalación de iluminación pública e o saneamento de fontes, o apoio ás folgas de pescadores nos anos 1932 e 1933, o comezo de obras para combater o “*paro obrero*” local, a adhesión ao Estatuto de autonomía de Galicia,... Houbo neses anos constantes enfrontamentos da institución municipal cunha activísima dereita confesional (o crego Antonio Sierto, “*Acción Católica Femenina*”, o médico Ildefonso López Quiveu coa súa “*Juventud Católica*”,...) que pasou a ser especialmente belicosa dende a consolidación da CEDA no paso do ano 1933 ao 1934.

Teño desenvolvido noutros lugares os feitos de outubro do 1934, “revolución” das organizacións obreiras contra a dereitización governamental e que -fóra de Asturias e Cataluña- foi en Galicia onde tivo maior repercusión, especialmente nas bisbarras do Eume e de Ferrolterra; a prensa recolleu parcialmente os feitos, anotando que houbera dous mortos en enfrontamento, varias sabotaxes (unha delas -fallida- contra a ponte do tren para impedir dese xeito o paso de convois con tropas), tiroteos, e a detención de máis de douscentos cincuenta veciños da volta, entre eles Ramón Ares, Eduardo Fonte, Manuel Feal e Nicolás Villar, os catro concelleiros de Pontedeume.

Informe sobre situación política. I-1936.



O goberno do Partido Radical/CEDA nomeou como delegado gubernativo en Pontedeume a Higinio Fernández Prieto e este cesou o 10 de novembro á corporación e designou outra progubernamental (ver CADRO II) que continuou coa instalación da iluminación, despediu por esquerdistas a tres dos peóns ocupados en obras municipais e suspendeu as cativas subvencións que o Concello concedera aos sindicatos locais.

Coa victoria da Frente Popular en febreiro do 1936 o novo goberno dispuxo que foran repostos moitos dos cargos públicos municipais cesados no 1934, completando as corporacións con persoas designadas polos partidos políticos. Celestino Sardiña Navarro, como delegado do gobernador civil, foi quen deu posesión ás corporacións de Cabanas, A Capela, e dende o día 9 de marzo el mesmo presidiu a Comisión Xestora de Pontedeume (Ver CADRO II), que ben pouco tempo tivo para gobernar....

CADRO II - CORPORACIÓNS REPUBLICANAS			
19 - Abril - 1931	26 - Xuño - 1931	24 - Novembro - 1934	9 - Marzo - 1936
Elías Calvo Díaz (Alcalde)	Miguel Regueira (Alcalde)	José Prado Rivas (Alcalde)	Celestino Sardiña (Pres. Xestora)
Ramón Goyanes	Ramón Ares	Jesús Calvo Patiño	Manuel López Seijo
Pablo Díaz	Eduardo Fonte	Luís Allegue Santos	Juán Ares López
Jesús Paz	Nicolás Villar	Luciano López Pita	Robustiano Freire
Marcelino Saavedra	Vicente Porto	Eusebio Martínez	Ramón Ares
Antonio Leira	José Mª Varela	Miguel Montero	Nicolás López
Juán A. Regueiro	Manuel Feal	Jesús Paz Espada	Salvio Vázquez
Francisco Abeledo	Manuel Blanco	Manuel Vázquez	José Mª Silvestre
Celestino Garabana	José Viñas	Manuel Blanco	Luís Nodar
Celestino Regueiro	Miguel Montero	Santiago Filgueiras	Eduardo Rodríguez
Manuel Fonte	Jesús Paz	Juán A. Regueiro	Anselmo Vazquez
Santiago Filgueiras	José A. Criado	Francisco Cardesín	José Allegue
Eulogio Guntúriz	Eusebio Martínez	José A. Criado	Eugenio García Díaz
Manuel Vázquez	Manuel Vázquez	José Mª Varela	Jesús Esteiro Bello
José Ramón Amado	Santiago Filgueiras	José Viñas Brage	José Manuel Manso

(Elaboración propia)

A SUBLEVACIÓN DE XULLO DO 1936

O mesmo 17 de xullo do 1936 souberon en Pontedeume da sublevación militar fascista, e o día 18 - seguindo as indicacións do gobernador civil- constituíron un Comité da Frente Popular con persoas (Ramón Ares, Angel García Toribio, Luís Nodar, Celestino Sardiña Navarro) das organizacións fieis ao goberno democrático; este comité xuntou en Pontedeume algúns carabineiros e paisanos mal armados na defensa da República, ordenou levantar unha barricada na ponte e un control en Campolongo; agardando inutilmente qué dispuñan as autoridades (Goberno Civil, Casares Quiroga en Madrid) o Comité de Pontedeume mantíña contactos cos semellantes de Ares, Mugardos, Cabanas, A Capela, Limodre, Miño, Monfero e coa Coruña mediante comunicacións

intensas en automóviles e polos *telefonémas* da época, e asemade coa dotación do “Torpedeiro nº 2” que, sen carbón para a súa máquina despois de fuxir de Ferrol e navegar até A Coruña, estivo fondeado diante do castelo de Redes ata que foi apresado o día 21 polo barco sublevado Uad-Martín. Os sublevados -triumfantes en Ferrol- querían achegarse cara a Pontedeume, pero un primeiro intento o día 21 fracasou nos altos de Laraxe; ás 8 da mañá do día 23 unha columna mandada polo comandante Iglesias e o capitán Gallego (con el cinco tenentes, oitenta soldados, quince gardías civís, dez falanxistas e un camión blindado con tres ametralladoras), avanzou pola estrada de Sillobre e Lavandeira, chegando á vista de Pontedeume ás once: houbo un



Camión Blindado, 1936.

pequeno tiroteo na barricada da ponte, un parlamento, e contra o mediodía a columna sobrepasou a barricada e entrou na vila, asumindo toda a responsabilidade do Comité da Frente Popular e da resistencia o rexistrador da propiedade e membro de *Izquierda Republicana* Ángel García Toribio. O día 26 de xullo as novas autoridades designaron unha comisión xestora municipal, modificada o 26 de setembro e ampliada o 21 de novembro (ver CADRO III), que se mantivo ata que o 10 de agosto do 1937 foi designado alcalde Ildelfonso López Quiveu.

Dende os últimos días de xullo ao quince de agosto do 1936 houbo en Pontedeume trinta e nove detidos, encadeados nas celas do xulgado e nos baixos na casa do concello; con eles, veciños de Ares, Cabanas, Mugarbos, Monfero,... sucedéndose as sacas e os paseos (ver LISTA, parcial); outros conseguiron sobrevivir. Dende esas datas, cos “del orden” outra vez no poder -como podemos comprobar cunha sinxela comparación de nomes-, en Pontedeume houbo moito máis que liortas sociais entre “bandos”: a división foi dramática entre a dereita, vencedora case sempre inmisericorde; e a esquerda, vencida e martirizada.

CADRO III - PRIMEIRAS CORPORACIÓNS FRANQUISTAS		
28 - Xullo - 1936	26 - Setembro - 1936	19 - Abril - 1931
Jesús Calvo Patiño (Pres. Xestora)	Jesús Calvo Patiño (Pres. Consello Municipal)	Jesús Calvo Patiño (Alcalde)
Benigno Piñeiro	Marcelino Saavedra Paadín	Marcelino Saavedra Paadín
Germán Pérez Baamonde	Manuel Regueiro	Manuel Regueiro
Vicente Porto Gómez	Saturmino Feal Deibe	Juán Caramés Vieites
José Calvo Fonte	Vicente Pérez Regueiro	Dimas Tenreiro del Río
	Juán Caramés Vieites	Jesús Silva Salgado
	Ismael Iglesias	Ramiro Prego
	Celestino Veiga	Miguel Montero
	Dimas Tenreiro del Río	José Pazos
		Ildfonso López Quiveu

(Elaboración propia)

NÓMINA DALGÚNS VECIÑOS DE PONTEDEUME ASASIÑADOS. ANOS 1936-1937

(Omito os casos dúbidosos, aqueles asasiñados posteriormente, e os que non eran veciños de Pontedeume)

-Ramón Agras Fernández
-José Allegue del Río
-Rodrigo Álvarez Pardo
-Ramón Ares
-José Brage
-Antonio Calvo Fernández
-Leonardo Díaz Zamorano
-José M^a. Fernández Calvo
-Juán García
-Angel García Toribio
-Luís Gómez Rodríguez
-Luís Nodar Castro
-Rodrigo Pena Ponte

-Gonzalo Pantín Tenreiro
-Juán Pico
-Manuel Prado Allegue
-Manuel Regueiro González
-P. Pico
-José Tenreiro López
-Manuel Tenreiro Mosquera
-Celestino Sardiña Navarro
-Ramón Sardiña Navarro
-Enrique Vázquez Gómez
-José M^a. Varela
-Manuel Vilar

(Elaboración propia)

FONTES

- Arquivo do Ateneu Libertário “Ricardo Mella”, A Coruña: co meu agradecemento a Eliseo Fernández.
- Arquivo Municipal de Pontedeume: libros de actas 1909-1937.
- Arquivo do Reino de Galicia, fondo do Goberno Civil da Coruña: L. 2271, 2762, 2777, 2872, 5092, 5125.
- Varias Causas de Consellos de Guerra do ano 1937.
- Coleccións privadas.